

Proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia

A experiencia dos últimos anos na xestión das listas de contratación e a necesidade de facer fronte aos novos desafíos que se vén producindo nos últimos anos levan a necesidade de acometer determinadas modificacións no Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Dado que parte das modificacións van ligadas á xestión das listas de contratación do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPIF) e ante o próximo inicio da campaña de alto risco cómpre acometer estas modificacións con carácter urgente.

O artigo 32 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia impón á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia erradicar o uso sexista da linguaxe, polo que en aplicación deste mandato legal procede modificar a denominación do Decreto 37/2006, do 2 de marzo.



Tamén se actualiza o artigo 5 do decreto en consonancia coas previsións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, modificando a forma de presentación das solicitudes de inclusión nas listas de contratación temporal, ao substituírse a preferencia por vía electrónica pola obriga de emprego de esta vía.

Ademais se leva a cabo unha importante modificación nos chamamentos das persoas aspirantes ás listas de contratación temporal. De xeito que se configuran dous tipos de chamamentos, ordinario e extraordinario, sempre tendo presente que todas as contratacións temporais se xustifican en razóns de necesidade ou urxencia.

O chamamento ordinario empregarase con carácter xeral para a cobertura de postos.

O chamamento extraordinario empregarase cando a urxencia da cobertura fai depender o bo funcionamento do servizo público.

Para este segundo tipo de chamamento o decreto prevé a posibilidade de realizar chamamentos telefónicos ou mediante un SMS urxente.

A existencia destes distintos medios de chamamento determina a necesidade de establecer unha orde de prelación en caso de concorrencia, ofrecéndose así a debida seguridade xurídica para as persoas aspirantes das listas.



Outra importante novidade que se leva a cabo con esta modificación é a que se realiza no artigo 15, coa eliminación das excepcións ás suspensións dos chamamentos para o persoal aspirante das listas de contratación temporal, tendo en conta que a experiencia nos últimos anos sobre a xestión das listas de contratación temporal puxo de manifesto que esa mellora de emprego provocou distorsións no funcionamento dos servizos públicos.

Ademais lévase a cabo unha modificación no artigo 16 para adaptar as credenciais de chamamento ao SMS urxente.

Modifícase o artigo 18 relativo ás penalizacións, en relación co prazo previsto no número un do artigo, pasando dun ano a seis meses, e eliminándose a letra b) do mesmo número un, para adaptalo á nova redacción do artigo 15.

Así mesmo engádese unha nova disposición adicional coa finalidade de establecer medidas extraordinarias de xestión das listas de persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPIF). A súa incorporación responde á necesidade de garantir unha cobertura áxil e eficaz dos postos durante o período de alto risco de incendios forestais e de dotar á consellería competente en materia de prevención de incendios forestais dos instrumentos organizativos necesarios para tal fin. Neste contexto, debe terse en conta que a dita consellería ten encomendados determinados actos de xestión das listas para o nomeamento de persoal interino e a contratación temporal de persoal laboral vinculados ás tarefas de prevención e defensa



contra incendios forestais, coa finalidade de axilizar a cobertura destes postos, polo que resulta necesario adaptar o marco normativo para posibilitar o exercicio efectivo destas funcións.

Ademais, a previsión relativa á suspensión automática de chamamentos en todas as listas tras a aceptación dun posto, que se incorpora na nova redacción do artigo 15, contribúe a evitar disfuncións na xestión das listas do SPIF, ao reducir a rotación de efectivos e garantir unha estabilidade mínima dos equipos durante o período de maior actividade operativa. Deste xeito, favorécese unha planificación máis eficiente dos recursos humanos e asegúrase unha resposta máis eficaz ante situacións de emerxencia.

O decreto incorpora unha disposición transitoria coa finalidade de sinalar que a obriga da presentación electrónica de solicitudes que insta a modificación do artigo 5, non sexa de aplicación ás listas que se atopan en xestión na actualidade, para que entre o 1 de marzo e o 30 de abril deste ano ás persoas interesadas poidan presentar solicitudes tamén por outros medios.

O decreto incorpora unha disposición derradeira relativa á entrada en vigor destas modificacións, tendo presente que as modificacións teñen carácter de urxencia para poder aplicarse na vindeira campaña de alto risco de incendios, cunha excepción, a modificación do número 2 do artigo 15, por precisar dun desenvolvemento das aplicacións informáticas que xestionan as listas de



contratación. Por este motivo, esa modificación entrará en vigor, na data que determina a resolución da persoa titular da dirección xeral competente en materia de emprego público logo de acreditarse o correcto funcionamento da devandita aplicación.

O contido deste decreto adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia que establece o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e o artigo 37.a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Así, en cumprimento dos principios de necesidade, de eficacia e de proporcionalidade, este regulamento está xustificado pola necesidade de realizar unha serie de modificacións no decreto en cumprimento doutras disposicións legais ou pola necesidade de introducir cambios ligados á urxencia dos nomeamentos do persoal funcionario e das contratacións temporais, e a regulación proposta é a adecuada e imprescindible para iso. Cúmprese, así mesmo, o principio de seguridade xurídica, pois a nova regulación encádrase no marco normativo do ámbito das competencias autonómicas. Asemade, na tramitación deste decreto observouse o principio de transparencia, posibilitando que os potenciais destinatarios tivesen unha participación activa na elaboración da norma. Por último, respéctase o principio de eficiencia, pois non se impoñen cargas innecesarias ou accesorias e permítase unha xestión racionalizada dos recursos públicos.



Na elaboración desta disposición tivéronse en conta os trámites previstos na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o sometemento do proxecto ao trámite de información pública, para garantir a participación cidadá, e a emisión dos informes preceptivos.

Na súa virtude, oída a Comisión de Persoal, por proposta da persoa titular da consellería de Facenda e Administración Pública, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día XXXXX

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do Decreto 37/2006 do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia

Un. Modifícase a denominación do Decreto que será a seguinte:

«Decreto 37/2006 do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas ao persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.»



Dous. Modifícase o número un do artigo 5 que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. As solicitudes de inclusión nas listas de contratación temporal elaboradas ao abeiro deste decreto presentaranse exclusivamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).»

Tres. Modifícase o artigo 14 que pasa a ter a seguinte denominación e redacción:

«Artigo 14. *O chamamento ordinario ás persoas aspirantes*

1. O chamamento ordinario empregarase con carácter xeral para a cobertura de postos xestionados por este decreto.

De acordo co disposto no artigo 41.1.b), parágrafo 3º, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establécese a obriga para ás persoas integrantes das listas de persoas aspirantes ao nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas ao persoal funcionario, e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, do emprego de medios electrónicos para a emisión e recepción das notificacións dos seus chamamentos para o desempeño dos correspondentes postos de traballo.



2. O chamamento ordinario realizarase do seguinte xeito:

A notificación de cada chamamento farase ás persoas interesadas empregando o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que designe a persoa interesada. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dous días naturais desde á posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Adicionalmente, realizarase unha comunicación mediante SMS con confirmación de recepción, que poderá completarse mediante o envío dun correo electrónico ás persoas aspirantes. O aviso de recepción proporcionará información da recepción polo teléfono da persoa citada.

Na mensaxe da notificación mediante Notific@ e da comunicación vía SMS e, se é o caso, correo electrónico, incluírase o código individual da citación e un enlace que permitirá ás persoas seleccionadas ao chamamento acceder directamente, a través do portal web da Xunta de Galicia, ao contido íntegro da citación enviada.

As persoas seleccionadas, no prazo máximo de 2 días naturais desde a posta á disposición da notificación en Notific@, deberán acceder ao sistema de elección de prazas e establecer a orde de prelación de todos os postos ofertados e validar a súa elección.

A validación da súa elección suporá a aceptación do chamamento pola persoa aspirante nos termos seleccionados.

No caso de que a persoa aspirante ao chamamento non acceda ou non valide a súa elección de postos no prazo indicado suporá o rexeitamento do chamamento polo aspirante coas consecuencias, en cada caso, establecidas neste decreto.

No suposto de que a persoa seleccionada reciba varios chamamentos consecutivos durante o prazo previsto no parágrafo anterior deberá atender por orde de recepción as citacións enviadas ás cales lles serán de aplicación as regras precedentes, e os chamamentos serán por estrita orde de citación.

A acreditación da notificación efectuada ou, se é o caso, o rexeitamento



incorporarase ao expediente.»

Catro. Engádese o artigo 14 bis que terá a seguinte redacción:

«Artigo 14 bis. *O chamamento extraordinario ás persoas aspirantes*

1. Nos supostos en que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos, debidamente acreditadas, fose necesaria a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá ser comunicado e xestionado vía telefónica ou comunicado vía SMS urxente con acuse de recibo e xestionado no sistema de citacións electrónicas aloxado no portal web da Xunta de Galicia.

2. Os chamamentos extraordinarios realizaranse por algún dos seguintes medios:

a) Os chamamentos telefónicos, realizaranse por persoal funcionario que fará constar mediante dilixencia a súa realización, se tiveron ou non resposta e o seu resultado.

Unha persoa representante da parte social na comisión prevista no artigo 4 terá dereito a estar presente en todos os chamamentos telefónicos. Para tal fin, a persoa encargada facilitaralle a información que precise.

No caso de que a persoa integrante das listas non sexa localizada a través do teléfono, entenderase que non se atopa dispoñible e a súa falta de actuación non terá efectos no seu estado na lista.



No caso de que a persoa integrante das listas responda o chamamento telefónico pero non acepte os postos ofertados supoñerá que os rexeita coas consecuencias establecidas neste decreto.

b) Os chamamentos por SMS urxente serán comunicados a través dun SMS con aviso de recepción. O aviso de recepción proporcionará información da recepción polo teléfono da persoa chamada.

Na comunicación vía SMS urxente e, se é o caso, correo electrónico, incluírse o código individual do chamamento e unha ligazón que permitirá ás persoas acceder directamente ao contido íntegro da comunicación enviada, a través do sistema de citacións electrónicas aloxado no portal web da Xunta de Galicia.

As persoas que reciban o SMS urxente, disporán dende a súa recepción ata as 23.59 horas do mesmo día para acceder ao sistema de citacións electrónicas, establecer a orde de prelación de todos os postos ofertados e validar a súa elección.

A validación da súa elección suporá a aceptación do chamamento pola persoa aspirante nos termos citados.

No caso de que a persoa aspirante ao chamamento non acceda ao sistema de citacións electrónicas, entenderase que non se atopa dispoñible e a súa falta de actuación non terá efectos no seu estado na lista.

No caso de que a persoa aspirante ao chamamento acceda ao sistema de citación electrónica pero non valide a súa elección de postos no prazo indicado, ou non acepte os postos ofertados, supoñerá que os rexeita o coas consecuencias, en cada caso, establecidas neste decreto.



A acreditación da comunicación efectuada por SMS urxente, o acceso ao sistema de citacións electrónicas, e o acceso ao contido da comunicación, e se é o caso, o rexeitamento incorporárase ao expediente.»

Cinco. Engádese o artigo 14 ter que terá a seguinte redacción:

«Artigo 14 ter. *Concorrenza de chamamentos*

No caso de que a persoa integrante das listas reciba varios chamamentos, a prioridade para atender os chamamentos será a seguinte:

1º. Chamamentos telefónicos

2º. Chamamentos por SMS urxentes

3º. Chamamentos ordinarios. En caso de concurrencia de chamamentos por este sistema estarase ao disposto no artigo 14 deste decreto.

Esta mesma orde manterase no proceso diario de adxudicación no caso de que concorran adxudicacións de distintos tipos de chamamentos no mesmo día.

Seis. Modifícase o artigo 15 que terá a seguinte redacción:

Artigo 15. *Suspensión dos chamamentos*

1. De oficio.

A aceptación dun chamamento polas listas elaboradas en aplicación deste decreto, para unha categoría, corpo, escala ou especialidade suporá a suspensión dos chamamentos tanto para outros ámbitos da mesma lista como para as listas correspondentes a outras categorías, corpos, escalas ou especialidades.



2. Por solicitude da persoa interesada.

As persoas integrantes das listas elaboradas en aplicación deste decreto poderán solicitar a suspensión das citacións. O modelo de solicitude estará á disposición das persoas interesadas na páxina web da Xunta de Galicia <https://www.xunta.gal/funcion-publica> e deberá efectuarse electronicamente.

A solicitude de suspensión terá efectos ao día seguinte á da súa presentación no caso de non ter unha credencial de selección vixente. En caso contrario, a solicitude de suspensión terá efectos ao día seguinte ao do cese no posto que viña ocupando a persoa seleccionada a través das listas elaboradas en aplicación desde decreto.

A suspensión manterase en canto a persoa interesada non presente solicitude de reincorporación. A solicitude de reincorporación efectuarase electronicamente no modelo que estará á disposición das persoas interesadas na páxina web da Xunta de Galicia <https://www.xunta.gal/funcion-publica> e producirá efectos desde o día seguinte a súa presentación.»

Sete. Modifícase o artigo 16 que terá a seguinte redacción

«Artigo 16. *Credenciais*

1. Nas notificacións remitidas, a través do sistema electrónico de notificacións da Xunta de Galicia, comunicarase a todas as persoas aspirantes incluídas en



cada citación a data de resolución do chamamento, así como o enderezo web a que poden acceder para comprobar se foron seleccionadas para algún dos postos ofertados.

Nesta data, poderán acceder ao sistema para coñeceren o resultado do chamamento e, no caso de seren seleccionadas pola dirección xeral competente en materia de emprego público, poderán descargar a credencial de adxudicación do posto e calquera outra información adicional relativa á dita adxudicación.

En todo caso, a persoa que resulte adxudicataria do posto nalgunha das citacións, enviaráselle un acceso directo á descarga da credencial mediante SMS e, se é o caso, por correo electrónico.

O acceso á credencial pola persoa seleccionada farase nun prazo non superior a un día hábil, para a súa presentación no posto de traballo no prazo que nela figure, ao cal deberá acudir coa documentación que en cada caso se lle exixa.

2. Nas comunicacións remitidas a través do sistema SMS urxente, comunicarase a dita urxencia a todas as persoas incluídas en cada citación, así como o prazo de elección, a data de resolución do chamamento e o enderezo web a que poden acceder para comprobar se foron seleccionadas para algún dos postos ofertados.

Nesta data, poderán acceder ao sistema para coñeceren o resultado do chamamento e, no caso de seren seleccionadas pola dirección xeral competente en materia de emprego público, poderán descargar a credencial de adxudicación do posto e calquera outra información adicional relativa á dita adxudicación.



O acceso á credencial pola persoa seleccionada farase nun prazo non superior a un día hábil, para a súa presentación no posto de traballo no prazo que nela figure, ao cal deberá acudir coa documentación que en cada caso se lle exixa.»

Oito. Modifícase o artigo 18 que terá a seguinte redacción:

«Artigo 18. *Penalización*

1. As persoas integrantes dunha lista que non aceptasen ou rexeitasen os postos ofertados a que están obrigadas, non se presentasen no posto de traballo previsto na credencial no prazo indicado ou renunciasen a un posto para o que foron seleccionadas quedarán excluídas dos chamamentos durante un prazo de seis meses que se contará desde a data do feito causante da exclusión.

Exceptúase do disposto no parágrafo anterior:

a) A falta de aceptación ou rexeitamento do posto, a non presentación ou a renuncia ao posto cando derive de forza maior.

b) A renuncia a un posto reservado con xornada igual ou inferior ao setenta por cento da xornada ordinaria ou a un posto de carácter discontinuo cun período de actividade igual ou inferior a seis meses, unha vez transcorridos **dous** meses desde a data do inicio de prestación de servizos. Neste caso, a persoa traballadora terá a obriga de realizar un aviso previo con quince días hábiles de antelación á data de efectos da renuncia ao servizo de persoal correspondente.

O persoal que renuncie a un posto con xornada igual ou inferior ao setenta por cento da xornada ordinaria ou a un posto discontinuo cun período de



actividade igual ou inferior a dous meses nos termos previstos no parágrafo anterior terá dereito á non aceptación dos postos que se lle oferten desta natureza durante o período dun ano desde a renuncia.

c) A renuncia a un posto derivada de ter recoñecida unha discapacidade que comporte unha imposibilidade ou unha limitación substancial para desempeñar as funcións do posto, unha vez apreciada esta circunstancia pola Comisión Permanente, cos informes que, de ser o caso, considere pertinentes.

d) Calquera outra causa de entidade suficiente, debidamente acreditada pola persoa interesada, que se considere procedente pola Comisión Permanente logo de acordo motivado adoptado ao respecto.

2. As persoas integrantes das listas que estean penalizadas e queiran volver formar parte delas poderán solicitar a reincorporación. A solicitude de reincorporación presentada durante o período de penalización producirá efectos transcorrido o prazo de seis meses, que se contará desde a data do feito causante da exclusión. A solicitude presentada con posterioridade ao remate do período de penalización producirá efectos ao día seguinte á súa presentación.

A solicitude de reincorporación deberase realizar e presentar electronicamente na páxina web da Xunta de Galicia <https://www.xunta.gal/funcion-publica>.»

Nove. Engádese a disposición adicional sétima coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Medidas extraordinarias para o Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais durante o período de alto risco*



de incendio forestal

1. Período de aplicación das medidas extraordinarias:

a) As previsións incluídas nesta disposición resultarán de aplicación durante o período comprendido entre o 1 de marzo e o 31 de outubro de cada ano natural, agás que a época de alto risco de incendios forestais se estenda máis alá desta data, en cuxo caso a data de final do período de aplicación será a de finalización da dita época de alto risco de incendios forestais, que se determinará mediante orde da persoa titular la consellería competente en materia de prevención de incendios forestais, consonte co que prevé o artigo 9 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

b) Durante o período comprendido na letra anterior considérase que a cobertura de postos do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF), terá carácter urxente e prioritario.

2. Réxime extraordinario de chamamentos:

a) Non obstante o disposto na letra b) do número 2 do artigo 14 bis, os chamamentos para a cobertura de postos do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF) durante o período previsto no número anterior realizaranse con carácter xeral, mediante una mensaxe curta de texto (SMS URXENTE) con confirmación de recepción remitida ao número de teléfono móbil previamente comunicado pola persoa integrante da lista.

b) Os chamamentos que se efectúen por SMS URXENTE realizaranse conforme ao procedemento previsto na letra b) do número 2 do artigo 14 bis deste decreto.

c) O prazo máximo para acceder ao sistema e validar electronicamente a



elección non poderá exceder do mesmo día do envío do SMS uxente

d) A falta validación no prazo indicado terá a consideración de rexeitamento do chamamento, cos efectos previstos neste decreto.

f) A adxudicación do posto efectuarase ao día seguinte ao da realización do chamamento. Nesa data, poderán acceder ao sistema para coñecer o resultado, no caso de seren seleccionadas, poderán descargar a credencial da adxudicación do posto para a súa presentación no posto de traballo no prazo que nela figura, que en todo caso no poderá exceder dun día hábil dende á súa adxudicación.

g) A acreditación do envío do SMS, do acceso ao sistema, da validación da elección ou, de ser o caso, do rexeitamento por falta de actuación, incorporárase ao expediente mediante o correspondente rexistro automatizado do sistema.

3. Efectos da falta de incorporación ou da renuncia:

A non incorporación da persoa seleccionada no prazo establecido na letra f) do número 2, así como a renuncia ao posto unha vez iniciada a prestación de servizos, a non aceptación ou o rexeitamento dos postos ofertados, será penalizada conforme ao disposto no artigo 18.

4. Autorización marco para acumulación de tarefas:

a) Sen prexuízo do indicado nos números anteriores, con carácter previo ao inicio da campaña anual en materia de prevención de incendios forestais poderá tramitarse unha autorización conxunta da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio e da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico para o nomeamento de persoal funcionario interino ou a contratación de persoal laboral temporal por exceso



ou acumulación de tarefas no ámbito do SPIF.

b) A autorización terá carácter marco e fixará as categorías, corpos ou escalas susceptibles de cobertura, a duración máxima dos nomeamentos ou contratos e o límite máximo de crédito disponible.

c) A efectividade da autorización quedará condicionada á concorrencia real das circunstancias extraordinarias, ocasionais e imprevisibles que xustifiquen o reforzo, que deberán estar motivadas mediante unha memoria complementaria individualizada que asinará a persoa titular da dirección xeral competente en materia de prevención de incendios forestais, na que se xustificará a necesidade do reforzo, a imposibilidade de atender ás necesidades co persoal disponible, o servizo competetente en materia de prevención e extinción de incendios forestais do Departamento Territorial correspondente ao que se adscribirá o persoal reforzado e o seu ámbito de actuación.

d) As contratacións ou nomeamentos efectuados ao abeiro da autorización marco deberán axustarse estritamente aos límites nela establecidos e darase conta aos órganos autorizantes nos termos previstos na normativa orzamentaria e nas instrucións vixentes.

5. Listas complementarias para o período de alto risco de incendio forestal:

1. A consellería competente en materia de prevención de incendios forestais poderá, mediante resolución, elaborar listas complementarias para a cobertura temporal de postos do SPIF durante o período contemplado no número 1, que se rexerán polas seguintes normas:

a) As listas complementarias terán carácter estritamente subsidiario e só poderán utilizarse en ausencia de persoas dispoñibles nas listas ordinarias



elaboradas ao abeiro deste decreto, e exclusivamente mentres non existan persoas dispoñibles nelas.

b) Estas listas poderán elaborarse con carácter previo ao esgotamento das listas do decreto para prever con antelación suficiente as necesidades de cobertura ás que se refire esta disposición.

c) Corresponde á consellería competente en materia de prevención de incendios forestais a súa elaboración e xestión, así como a resolución das reclamacións.

d) As listas complementarias constituiranse conforme aos seguintes criterios de prioridade:

1º As persoas penalizadas por aplicación do artigo 18 deste decreto.

2º No suposto de existiren baremos provisionais correspondentes a listas das categorías, corpos ou escalas do SPIF elaboradas pola dirección xeral competente en materia de emprego público, poderán utilizarse prioritariamente as persoas incluídas nas ditas relacións provisionais, respectando a orde de prelación nelas establecida.

3º No suposto de existiren procesos selectivos convocados para o acceso ás correspondentes categorías, corpos ou escalas do SPIF, as listas confeccionaranse coas persoas aspirantes presentadas aos ditos procesos, ordenadas segundo as puntuacións obtidas nos exercicios realizados da fase de oposición.

4º Na falta dos supostos anteriores ou cando resulten insuficientes para garantir a cobertura das necesidades, as listas conformaranse mediante convocatoria pública específica polo procedemento de urxencia, garantindo



en todo caso os principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.

2. A falta de persoas previstas no apartado 1º da letra d) do número 1 ou de baremos provisionais de listas ou de persoas aspirantes a procesos selectivos previstos nos apartados 2º e 3º da letra c) do número 1 non obstará a confección das listas complementarias, sen prexuízo de ampliar as ditas listas no caso de dispoñer desa información.

6. Ámbito subxectivo de aplicación:

As previsións contidas nesta disposición adicional resultarán de aplicación para as seguintes escalas e categorías que presten servizos no SPIF:

Grupo Subgrupo	Categoría Corpo/Escala	Denominación
B	209U	Corpo de técnicos/as de carácter facultativo, escala técnica do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidade bombeiro/a forestal xefe/a de brigada
C2	207S	Corpo de auxiliares de carácter técnico, escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidade de emisorista/vixilante/a fixo/a
C2	207T	Corpo de auxiliares de carácter técnico, escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidade bombeiro/a forestal-condutor/a de motobomba
C2	207U	Corpo de auxiliares de carácter técnico, escala auxiliar do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais, especialidade bombeiro/a forestal
I	038	Técnico/a superior de defensa contra incendios forestais
II	039	Técnico/a forestal de defensa contra incendios forestais
III	100	Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada
IV	032	Operador/a codificador/a de datos de defensa contra incendios forestais
IV	033	Bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba
IV	037	Oficial/a de segunda mecánico/a de máquinas de defensa contra incendios forestais
V	10A	Vixilante móbil de defensa contra incendios forestais
V	10B	Vixilante fixo/a de defensa contra incendios forestais



V	10C	Emisorista de defensa contra incendios forestais. Escoitaincendios
V	014	Bombeiro/a forestal
V	14A	Bombeiro/a forestal condutor/a

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio*

A obriga de presentación electrónica de solicitudes non se aplicará ás listas que se atopan en xestión durante o ano 2026.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

1. Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, agás o establecido nos apartados seguintes desta disposición.
2. A entrada en vigor do artigo 15.2 producirase mediante Resolución da dirección xeral competente en materia de emprego público, unha vez que quede garantida a viabilidade técnica e o correcto funcionamento das aplicacións informáticas que xestionan as listas de contratación temporal.

Santiago de Compostela, de XXX de 2026

Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente

Miguel Corgos López-Prado

Conselleiro de Facenda e Administración Pública